



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRECE DE XUÑO DE DOUS MIL SETE.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D. Francisco Luís Rodríguez Guerreiro, D. José Luís Docampo Fortes, D. Rafael Luís Fernández Amor, D. José Antonio Goás Basanta, D^a. María Rebeca Fernández Martínez, D^a. Ana María Basanta Tojo, D. César Ricardo Naval Parapar, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D^a. Marta Pérez Lage, D^a. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARIA:

D^a. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as dez horas e trinta minutos do día trece de xuño do dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira da convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

1º.- **APROBACIÓN, SE PROCEDE. DAS ACTAS DAS SESIÓN:**

- ORDINARIA DO 19 DE ABRIL DO 2007.

Polo Sr. Alcalde preguntáraselles aos Corporativos se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión ordinaria celebrada o día 19 de abril do 2007, e polo Voceiro suplente do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, indícase que con carácter previo ten que sinalar que dende o 9 de marzo do 2006 as actas das Comisións Informativas de Infraestructuras, Obras, urbanismo e medio ambiente, atópanse pendentes de aprobar, así como as derradeiras de Comisión Informativa de Benestar Social; por Secretaría se lle puntualiza que, como saben, as dúas secretarías desas Comisións atópanse delegadas en dous funcionarios e que, polo que corresponde ás de Benestar Social, coñece, porque así se llo indicou por D^a. Remedios Lucía Fraga Martínez, que as referidas actas atópanse trascritas e unicamente pendentes de que o Tenente de Alcalde delegado desa Área fixara a sesión para a súa aprobación.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda aprobar a referida acta.

- EXTRAORDINARIA DO 2 DE MAIO DO 2007.

Polo Sr. Alcalde preguntáraselles aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 2 de maio do 2007, non producín-



dose ningunha intervención, e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda aprobar a dita acta.

- **EXTRAORDINARIA DO 21 DE MAIO DO 2007.**

Polo Sr. Alcalde pregúntaselles aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 21 de maio do 2007, polo Voceiro suplente do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, sinalase que no primeiro parágrafo do punto núm. 1 da acta, onde dí: “Comeza a súa intervención o Sr. Alcalde dicindo que a Conta xeral xa se tratou na Comisión informativa de Economía e facenda e non correspondente o seu debate”, omitíndose a expresión “segundo sinalou a Secretaria do Concello”.

Polo Sr. Alcalde respóntase que non se admiten rectificacións das intervencións doutro membro da Corporación que non sexa o que as invoca.

Ante a insistencia do mencionado Voceiro suplente, polo Sr. Alcalde indicase que se mantén a redacción existente.

A seguir, procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación por maioría de nove votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU) e oito en contra (PP), acordas aprobar a mencionada acta.

Polo Voceiro suplente do PP explícase o voto en contra do seu grupo, na negativa do Sr. Alcalde de incluír no parágrafo primeiro, a frase sinalada.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as dez horas e cinco minutos, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria accidental, dou fe.